


LECTORES AUTÓNOMOS



MIL COUSAS PODEN PASAR

Jacobo Fernández Serrano. Ed Xerais.

Na cidade de Nil, Neda e Mercurín buscan un agasallo para o aniversario do seu pai, o rei do mar. Unha búsqueda chea de aventuras.


Atrévete a acompañalos? Unha cidade onde o absurdo convértese en lóxico.

LAS HERMANAS PENDERWICK

EN CASA DE LAS PENDERWICK

Jeanne Birdsall. Ed. Salamandra

A serie conta as peripecias da familia Penderwick formada por un pai viuvo e as súas catro fillas. Aventuras en vacacións e comedia de enredo no segundo caso.



RESPOSTAS AS PREGUNTAS QUE NUNCA TE FIXECHES

e MÁIS RESPOSTAS ÁS PREGUNTAS...

Philippe Nessmann. Ed. Factoría K de libros.

Cantos pelos ten un home no seu corpo? e unha muller?, e un neno?. Podemos aprender mentres durmimos? As galiñas teñen dentes? Canto custa transformar o chumbo en ouro?....

Un libro serio pero con bó humor, na liña do primeiro da serie.



GUÍA DE LECTURAS PARA O NADAL 2009

Biblioteca do CEIP A PAZ Coruxo - Vigo



**Estas a preguntarte
Cal é o mellor agasallo
para este Nadal?**

Non o dubides:

!!! UN LIBRO !!!



**Os camelos dos reis
ó chegaren a Galicia,
como non viron deserto,
morrían os tres de risa.**

**E, ó veren tanta auga
nos regatos e nas rías,
¿Que catarro imos coller
como veña unha chovisca!
Melchor toca unha gaita,
Baltasar un tamboril,
o Gaspar, que non é músico,
alumea cun candil.**

**(CANTO DE REIS: recollido no Couto
de Outeiro, Mondoñedo, Lugo
por Carlos Gómez)**



PRIMEIROS LECTORES



COLECCIÓN PIMPIN, POR AQUÍ NON VIN.

Ed. Galaxia

Colección depregable con formato de acordeón das distintas festas tradicionais galegas: o Entroido, o Samaín, o Magosto, o Nadal, os maíos... con moitas ilustracións para dialogar cos máis pequenos da casa.



LA OLA


Suzy de Lee. Ed. Bárbara Fiore Editora.

Un fermoso libro de imaxes no que somentes con dúas cores de acuarela se conta maxistralmente a historia dunha nena nun día de praia e os inesperados agasallos do seu amigo o mar.

UN RATO NA CASA

Helena Villar Janeiro. Ilustracións de M^a Fe Quesada. Ed. Galaxia.


Cando cae un dente, vén o ratiño traernos un agasallo. Pero na casa de Marco cómese moi ben, así que o ratiño dos dentes decidiu quedar a vivir con él.




COMENOCES

Ana Juan. Ed. Alfaguara.

Polas noites Comenoches acompaña á Lúa na súa viaxe nocturna. Mordisquea a escuridade, saborea as estrelas e vaille abrindo pouco a pouco o camiño ao Sol para o vindeiro mencer; pero un día negouse a seguir comendo nin un so ananquiño. Sabes que pasou?. Un fermoso álbum ilustrado.



LECTORES EN MARCHA



COLECCIÓN LA TRIBU DE CAMELOT

Genma Lianas. Ed. Destino.


Un grupo de rapaces e rapazas aos que lles encanta seguir pistas, resolver misterios, realizar experimentos e correr un montón de aventuras. Únete á Tribu de Camelot!

BAT PAT: LA ABUELA DE TUTANKAMÓN

Marcella Drago. Ed. Montena

No museo da cidade acábase de inaugurar unha nova exposición sobre a cultura exipcia....pero a momia dunha famosa raíña de repente abre os ollos e.....

Unha nova historia deste morcego detective coa que escacharas de risa e tremerás de medo.



SERIE GERÓNIMO STILTON EN CÓMIC

Ed Planeta Junior.

Un novo formato do intrépido roedor para os fieles de sempre e tamén para os que inda non o coñezan.

LA TIERRA EXPLICADA A LOS NIÑOS. DESCUBRE EL PLANETA DONDE VIVIMOS Y COMO RESPETARLO

Yann Arthus-Bertrand. Ed. Oniro.

Cómo podemos vivir máis de seis mil millóns de homes e mulleres nun planeta tan pequeno como onoso? Por qué o cambio climático ameaza a vida dos pingüinos emperador? De onde ven o osíxeno que respiramos...

